

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DO NOMEAMENTO
DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A ADSCRITO Á "EIM SERRA DE OUTES"**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 25-2024, por un importe total de 2.607,14 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden do nomeamento de funcionario/a interino/a adscrito á EIM Serra de Outes, pola baixa da traballadora Lucía Blanco de la Fuente (cód 4301/149/2), ante a inexistencia de crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica no subprograma 32381, e na que se propón a cesión de crédito por importe de 2.607,14 procedente dunha vacante de monitor/a de educación vial no Parque Infantil de Tráfico (cód 0902/29, subprograma 32605).

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1003/2024, do 03.07.2024 así como o RCMOD núms. Ref.: 46153/2024, Ref.: 46174/2024, Ref.: 46175/2024, Ref.: 46176/2024, por importe 989,40 €, 407,18 €, 579,60 €, 630,96 € respectivamente de 02.07.2024.

Advertiuse xa pola intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións de crédito no exercicio, pero neste caso concreto ponse de manifesto por parte da unidade tramitadora o carácter excepcional da transferencia de crédito proposta, tendo en conta que se trata do nomeamento de funcionario/a interino/a adscrito á EIM Serra de Outes, pola baixa da traballadora Lucía Blanco de la Fuente (cód 4301/149/2).

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 2.607,14 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte positiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

PFA/slb

Refª: ispac2978624876904380516.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 25-2024 Substitución traballadora EIM Serra de Outes

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
32605.12003	989,40	32381.12002	989,40
32605.12100	407,18	32381.12100	407,18
32605.12101	579,60	32381.12101	579,60
32605.16000	630,96	32381.16000	630,96
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	2.607,14	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	2.607,14

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.